



Acto de sinatura.

(/imxd/noticias/imx/1477388454DSC07019.JPG)

25/10/2016 A concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, Concha Fernández, asinou hoxe dous novos convenios con entidades, nesta ocasión co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e co Colexio de Avogados de Santiago. Na sinatura estiveron presentes os seus decanos, María Rosa Álvarez e Evaristo Nogueira.

Concha Fernández destacou que "os convenios ascenden a 36.000 euros, 18.000 para cada unha das entidades. No caso do Colexio de Avogados, desenvolverase un programa piloto de asesoramento xurídico para casos de desafuzamento, que ten como finalidade facilitar o asesoramento xurídico para a vía administrativa previa, de xeito que ningún sector da poboación, por carecer dos coñecementos xurídicos necesarios se vexa menoscabado no seu dereito a defensa". O decano do Colexio destacou que "se trata dun convenio pioneiro en Galicia que se sirve dos modelos de mediación existentes noutras partes do Estado como Cataluña e que están a resultar moi exitosos".

Para cada asunto é designado un profesional da quenda de letrados e letradas especializados en dereito administrativo e laboral. O trámite para a solicitude da persoa letrada é a cargo do persoal administrativo do Colexio. Esta quenda especializada concrétese na asistencia e orientación ás persoas que acrediten insuficiencia de recursos económicos que residan no municipio de Santiago e sexan derivados dende a Concellaría de Políticas Sociais.

O convenio co Colexio de Psicoloxía de Galicia está orientado ao desenvolvemento dun programa piloto de intervención psicolóxica en casos de desafuzamento e en situacións de perda ou risco de perda da vivenda habitual.

O programa pretende dar resposta ás medidas de intervención psicolóxica encadradas no Protocolo municipal de actuación para a prevención de desafuzamentos e a atención das persoas afectadas asinado